

A XUVENTUDE

[Paolo Sorrentino, 2015]

78

ESTREA EN NUMAX: 22.01.2016 | V.O.S.E. | +12

FICHA TÉCNICA

La Giovinezza [2015, 124']

Dirección: Paolo Sorrentino

Guión: Paolo Sorrentino

Reparto: Michael Caine, Harvey Keitel, Rachel Weisz, Paul Dano, Jane Fonda, Tom Lipinski, Poppy Corby-Tuech, Emilia Jones, Mark Kozolek, Rebecca Calder, Anabel Kutay

Montaxe: Cristiano Travaglioli

Dirección de arte: Daniel Newton, Marion Schramm

Son: Alberto Padoan

Música: David Lang

Fotografía: Luca Bigazzi

Produtora: Indigo Film, Medusa Film (Italia), C-Films (Suíza), Pathé (Francia), Number 9 Films (Reino Unido)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 4K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

La gran belleza, 2013

Un lugar donde quedarse, 2011

Il divo, 2008

El amigo de la familia, 2006

Las consecuencias del amor, 2004

L'uomo in più, 2001

SINOPSE

Fred e Mick, dous vellos amigos que agora se aproximan aos oitenta, están de vacacións nun elegante hotel ao pé dos Alpes. Fred, compositor e director de orquestra, está a piques de retirarse. Mick, director de cine, aínda traballa. Os dous amigos saben que o seu tempo esgótase e deciden enfrontarse ao futuro xuntos.

FESTIVAIS E PREMIOS

Oscar 2016, nominada á mellor banda sonora. Globos de Ouro 2016, nominado á mellor actriz de reparto (Jane Fonda), e á mellor canción orixinal (David Lang). Premios do Cinema Europeo 2015, gañador ao mellor filme, director e actor (Michael Cane). Karlovy Vary 2015, Premio do Público.

«Michael Caine e Harvey Keitel realizan unhas das mellores interpretacións das súas longas carreiras nesta sabia, enxeñosa e belísima comedia dramática de Paolo Sorrentino»

Lou Lumenick. NEW YORK POST



Entrevista a Paolo Sorrentino

Camilo de Marco

Que hai de vostede no filme? Trátase dun filme moi persoal e un filme de amor. Este é o xeito no que o podo formular porque son moi pudoroso. E retomo o amor na amizade, a memoria, a relación entre pais e fillos...

Por que escolleu rodar en lingua inglesa? Só os ingleses poden facerse baróns, creo, e tamén quería que houbera unha relación coa raíz. En realidade, o filme concibiuse para Michael Caine: non o tería feito sen el, ten carisma, clase e unha elegancia que rara vez se atopa en actores dunha certa idade. Non hai nada malo en que directores non británicos roden en inglés. As novas xeracións teñen unha cultura de referencia que non se limita ao propio país.

Como escolleu aos protagonistas? Penso no protagonista antes de escribir. Harvey Keitel estivo sempre nos filmes máis fermosos que podían verse e a súa mitoloxía medraba. Caine igual, ten unha estatura tal que non precisa curriculum, a súa personalidade confírelle autoridade.

Dous grandes amigos con visións diferentes da vida. O personaxe de Caine presenta unha amábel distancia coas cousas, que non garante, desde logo, a felicidade, senón unha certa quietude. A de Keitel, en cambio, é a paixón por antonomasia, é un director que fai dun filme unha cuestión de vida ou morte, o cal é unha cousa común no cinema, que pode converterse nunha auténtica obsesión. Eu tendería a ser como Keitel pero estou a traballar para me achegar a Caine.

O Oscar influíu no seu traballo sobre este filme? Non. O filme escribino en agosto de 2013, antes do Oscar. Logo non tiven tempo de pensar no que significa para min telo gañado.

Publicado o 20 de maio de 2015 en:
<http://www.cineuropa.org/>

Encontro con Paolo Sorrentino

Hai sempre un fondo existencial nos seus filmes que se atopa se cadra máis acentuado nesta obra. E entre as temáticas escollidas atópanse o paso do tempo, o medo a envellecer, o balance existencial. O cinema é para vostede un medio de reflexionar sobre a vida e, en particular, a chegada da vellez? Non, a vellez non me dá medo, mais tenme creado unha chea de problemas. Non teño unha intención sistemática de filosofar sobre a vida a través do meu cinema, iso sería algo presuntuoso pola miña banda. É algo que conviría máis se estivese a escribir un libro, coido. Porén, si que pode conter certos principios sobre a existencia e unha certa visión filosófica, por que non. Mais dun xeito un pouco caótico e fragmentario.

O seu cinema está marcado por unha gran sensibilidade que nace da asociación entre o fondo e a forma. A escritura está sempre moi traballada, a estética moi coidada... Concibe o proceso de escritura e a estética dun filme como un conxunto? Nos meus primeiros filmes todo estaba moi preparado, mais co paso do tempo son máis e máis improvisados.

Mesmo se *A xuventude* non pon en escena personaxes italianos atopamos unha relación con Italia e poderíamos dicir que a decadencia da burguesía é unha caste de temática recorrente no cinema italiano contemporáneo e, nomeadamente, no seu cinema. Como se relaciona con este eixo temático? Eu non atopo un enlace preciso entre Italia e este filme. Penso que se trata dun filme sobre os destinos humanos, arredor de sentimentos universais. Todo o discurso sobre a decadencia da burguesía é máis central en *La gran belleza*.

Hai unha grande ausencia n' *A xuventude* que é Toni Servillo, co que viña traballando regularmente. Non traballei con el porque os dous personaxes principais tiñan que ter oitenta anos. Mais faltoume a súa presenza, fáltame sempre porque máis ca un actor que me gusta moito é un amigo co que comparto moitas cousas.

Publicada en Mondociné: <http://mondocine.net/entretien-rencontre-avec-paolo-sorrentino-a-l'occasion-de-la-sortie-du-film-youth/#>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA NOSA LIBRARÍA

Todos tienen razón. Paolo Sorrentino
Anagrama, 2011
La gran belleza. Paolo Sorrentino
Cameo, 2013 [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org